

ACTA NUM. 11 / PERSONAL22 XESG DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA Á COBERTURA DE 4 POSTOS DE TRABALLO EN XESGALICIA SOCIEDADE XESTORA DE ENTIDADES DE INVERSIÓN DE TIPO CERRADO, S. A. U. (En adiante, XESGALICIA).

ASISTENTES

Presidente:

- ✓ D. Alberto Vivero Fernández.

Vogais:

- ✓ Dona María Cobas Garabal.
- ✓ Dona Sabela Pardo Rodríguez.
- ✓ Dona Silvia Cebreiro Mirás.

Secretaria:

- ✓ Dona Isabel Aneiros Penedo.

Sendo as 16:30 horas do día 26 de setembro do 2023, reúnese de forma presencial na sede social de Xesgalicia, o Tribunal que calificará o proceso selectivo para á cobertura de 4 postos de persoal laboral fixo de Xesgalicia, coa asistencia das persoas antes relacionadas, ao obxecto a realización da fase de entrevista no proceso de selección, conforme á convocatoria acordada o 13 de setembro de 2023.

Desenvólvese a fase de entrevista para cada un das persoas candidatas, sen incidencias.

Primeiro.- Avaliada polos membros do Tribunal os aspectos a puntuar conforme ao establecido nas Bases da convocatoria, obtéñense as seguintes puntuacións:

Praza XESG 02

Código candidato	Entrevista
XESG02-06	10
XESG02-02	10

Praza XESG 03

Código candidato	Entrevista
XESG03-04	10
XESG03-03	10
XESG03-02	10

Praza XESG 04

Código candidato	Entrevista
XESG04-03	10

Segundo.- A Secretaria da lectura ao escrito de impugnación da fase de concurso presentada pola persoa candidata código XESG04-03, pola que



consideraba que lle deben corresponder 16,21 puntos en lugar dos 6,21 que lle foron asignados.

A discrepancia respecto aos puntos asignados polo Tribunal, correspóndese coa non consideración como puntuable con 10 puntos do título de Grado en Administración e Dirección de Empresas, que a persoa candidata presenta e que computa para o seu cálculo.

Analizada a reclamación, e a vista das Bases da convocatoria, o Tribunal decide por unanimidade desestimar a petición en base á seguinte motivación:

As Bases recollen que se valorará unicamente a formación adicional á considerada como mínima nas Bases.

A formación mínima requirida para o posto en cuestión é "Ciclo Formativo de Grado Superior en Administración e Finanzas, titulación equivalente ou superior".

Para cumprir co requisito de formación mínima requirida, a persoa candidata presentou o Grado en Administración e Dirección de Empresas, que resulta ser unha titulación "superior" ao Ciclo Formativo requirido, pero non é "adicional" ao mesmo.

E dicir, a titulación en Grado en Administración e Dirección de Empresas non é para esta persoa candidata unha formación adicional á considerada mínima nas Bases, posto que utilizou esa mesma titulación para cumprir co requisito de titulación mínima requirida.

Terceiro.- Non constando máis reclamacións á fase de concurso que resulta desestimada conforme ao punto anterior, a puntuación definitiva da fase de concurso é a seguinte:

Praza XESG 02

Código candidato	Puntuación
XESG02-06	28
XESG02-02	29

Praza XESG 03

Código candidato	Puntuación
XESG03-04	26
XESG03-03	29
XESG03-02	29

Praza XESG 04

Código candidato	Puntuación
XESG04-03	6,21

Cuarto.- Como resultado da suma da puntuación das fases de oposición, concurso e entrevista a nota global obtida para cada persoa candidata é a seguinte:



Praza XESG 02

Código candidato	Puntuación
XESG02-06	71,75
XESG02-02	75,74

Praza XESG 03

Código candidato	Puntuación
XESG03-04	80,47
XESG03-03	76,03
XESG03-02	81,01

Praza XESG 04

Código candidato	Puntuación
XESG04-03	66,36

Quinto.- De acordo aos resultados anteriores as candidatas seleccionados para cada unha das prazas son os seguintes:

Praza XESG 02

Tania Villares Balsa

Praza XESG 03

Tania Villares Balsa

Praza XESG 04

Cristina García Bande

Sexto.- Aos efectos de cobertura dos postos de traballo que permanezan vacantes por renuncia das persoas seleccionadas conforme ao punto anterior, o orde correlativo de persoas candidatas aptas para cada posto é o seguinte:

Praza XESG 02

Orde	Persoa candidata
1	Alba Pombo Vázquez

Praza XESG 03

Orde	Persoa candidata
1	Víctor Rodríguez Vila
2	Iván Galmán Graíño

Unha vez lida, a acta é aprobada polos membros do tribunal. O que certifico como secretaria co visto e praxe do seu presidente. Sendo ás 18:04 horas, sen más asuntos que tratar, finaliza a reunión.

Asinado electrónicamente pola Secretaria co Visto e Praxe do Presidente.

